

PROTOCOLO DE VACINACIÓN DA LINGUA AZUL POR PERSOAL VETERINARIO (CLÍNICO PRIVADO OU DE ADSG)

REV 14/08/2025

1.- INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN

En febreiro de 2023 detectouse a circulación do virus da Lingua Azul (en diante LA), serotipo 4 na provincias de Ourense e Pontevedra. En outubro de 2023 foi detectada a circulación deste serotipo en distintos puntos da provincia de A Coruña.

Estes resultados positivos determinaron a modificación da *Orden APA/1251/2020, de 21 de decembro, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul*, determinando a inclusión de todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia como zona restrinxida (en diante ZR) para o serotipo 4 da lingua azul e consecuentemente establecendo a obrigatoriedade de vacinación fronte a este serotipo nos animais bovinos e ovinos maiores de 3 meses localizados na Comunidade Autónoma.

En 2025, coa publicación da Orde APA/229/2025, de 10 de marzo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul, España cambiou a súa estratexia de loita fronte esta enfermidade, pasando todo o territorio peninsular a ser considerado zona sen estatus fronte á LA, con vacinación voluntaria das especies sensibles fronte a todos os serotipos circulantes.

A vacinación polo tanto deixou de ser unha condición para o movemento dos bovinos e ovinos dentro da zona sen estatus, sendo a ausencia de sintomatoloxía compatible en especies sensibles o único requisito para o movemento.

A LA transmítese unicamente a través da picadura de insectos do xénero *Culicoides* spp, que están presentes no ambiente dependendo da época do ano, basicamente hai un período nos meses máis fríos onde non circula o mosquito (Período estacionalmente libre de mosquito, PEL) e outros meses onde si circula (Período de circulación de mosquito).

Para a temporada 2025-2026 a totalidade do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia atópase en período de circulación do vector dende o 9 de abril de 2025.

A vacinación é a ferramenta máis efectiva para frear o avance da enfermidade e protexer aos animais de especies sensibles, sendo a ovina a especie que resulta máis afectada por esta doenza con causa sintomatoloxía e mortalidade de maior ou menor gravidade segundo os serotipos circulantes.

2.-SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN

A vacinación de animais de especies sensibles á LA por parte do seu persoal veterinario interesado, sexa a título privado ou no caso de ser persoal veterinario dunha Agrupación de Defensa Sanitaria (ADS), debe ser previamente autorizada pola Consellería do Medio Rural co fin de posibilitar a gravación da vacinación a través da aplicación da Consellería do Medio Rural (CMR), "FICADI móbil" ao ser o dato de vacinación de obrigado rexistro envío en RIIA (Rexistro xeral de identificación Individual de animais).

As persoas veterinarias interesadas (ou ben as ADSG no seu caso) deberán solicitar a autorización por medios electrónicos mediante a cobertura do formulario PR004A obtido na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/portada>) e dirixido á Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

Este trámite non será necesario para aquelas persoas veterinarias xa autorizadas previamente no marco das campañas de vacinación obrigatoria de LA nos anos 2023 e 2024.

Ao formulario PR004A anexarase:

- Por cada veterinario/a solicitante, o documento ***Solicitud autorización vacinación lingua azul (Anexo I)*** cuberto e asinado polo persoal veterinario solicitante no que se indicarán entre outros, o nome e apelidos, NIF, nº colexiado/a, e correo electrónico) así como a declaración de que se dispón de material adecuado tanto para a aplicación da vacina como para o mantemento da cadea de frío en todo momento (almacenamento no botiquín veterinario e durante o transporte en campo) e o seu compromiso de rexistro de vacinación nas bases de datos da CMR.
- O documento ***"Solicitud de material vacinación lingua azul -Anexo II)"*** no que se indicará o número de doses de uso previsto e o formato dos viais solicitados.
- Para o caso de vacinación de gando ovino, anexarase ademais o Anexo III ***"Explotacións ovinas con previsión de vacinación"***.

A autorización por parte da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias seralle comunicada á ADSG solicitante a través do sistema Notifica.gal.

Se non dispoñen del previamente, a cada nova persoa veterinaria autorizada asignaráselle un código numérico que lle identifica individualmente no rexistro de persoal veterinario relacionado coa Consellería do Medio Rural (CMR). Este código será necesario para o seu acceso á aplicación "FICADI móbil" e rexistrar as vacinacións que leve a cabo.

3.-ENTREGA DE VACINAS E XESTIÓN DOCUMENTAL

A Oficina Rural (OR) correspondente á localización da sede social da ADSG, ou a OR de referencia que indicara a persoa veterinaria privada no seu formulario de solicitude será o punto de contacto coa CMR, tanto para a entrega das doses de vacina, como para a entrega de calquera documentación ou a comunicación ao servizo veterinario oficial (SVO) de calquera incidencia que sucedera relacionada coa aplicación da vacina.

A CMR subministrará gratuitamente ao persoal veterinario autorizado as doses solicitadas (en función das existencias en cada momento) de calquera dos serotipos dispoñibles (S4, S4-8, S3 e S8)

NOTA: As doses fronte ao serotipo 3, 8 e 4-8 só serán subministradas gratuitamente para a súa aplicación en explotacións de gando ovino. As doses fronte ao serotipo 4 serán subministradas indistintamente tanto para gando ovino como para gando bovino.

O Servizo Veterinario Oficial (SVO) da OR contactará co persoal veterinario solicitante para que realice a recollida das vacinas. O documento Anexo II será asinado por ambas partes e selado polo SVO. O orixinal deste documento conservarase na OR, e entregarase unha copia á persoa que recolla o citado material.

Solicitudes sucesivas de vacinas

No caso de existir sucesivas peticións de vacinas, o persoal veterinario actuante contactará previamente coa OR (correo electrónico) comunicando a necesidade de novas dosis vacinais. Na OR realizaranse as comprobacións oportunas en relación as vacinas xa entregadas e as correspondencias cos rexistros de vacinación realizados e acordarán coa persoa veterinaria a data de entrega das novas doses na OR, momento no que se cubrirá un novo documento *Solicitud de material (Anexo II)* para rexistro e traza do material entregado e no caso de gando ovino, tamén o documento Anexo III *“Explotacións ovinas con previsión de vacinación”*.

NOTA IMPORTANTE: as vacinas comercializadas teñen unha viabilidade de uso de só 10 horas unha vez aberto o vial. A esta limitación engádese que moitas presentacións de vial (200 ml, 252 ml) poden resultar formatos excesivamente grandes para un volume de vacinación reducido (e máxime en moitas explotacións de ovino, que contan con censos moi reducidos). Polo tanto cómpre realizar cálculos e lóxística previa para garantir un uso eficiente das doses entregadas, de xeito que se desperdicie o menor volume de doses posible, cuestión que será revisada polo SVO nas comprobacións previas ás novas entregas de vacina que se puideran realizar a unha persoa veterinaria.

Xestión interna polo persoal da CMR

Na OR levarase informaticamente un rexistro e arquivado dos sucesivos documentos de solicitude de vacinas entregadas co fin de manter o control e trazabilidade completa (número de viais e formato, lote, caducidade,...) do dito material.

4.- ACTUACIÓN EN CAMPO

Componse dos seguintes puntos:

- ***Actuacións previas***
- ***Vacinación***
- ***Rexistro en FICADI***
- ***Cobertura libro rexistro explotación (só en gando ovino)***
- ***Cobertura libro rexistro medicamento veterinario***

4.1. ACTUACIÓNS PREVIAS

A vacinación realizarase unicamente sobre animais **sans e correctamente identificados** coas marcas oficiais (crotais oficiais).

O persoal veterinario actuante informará á persoa responsable da explotación, no momento de comunicarlle a data da visita para vacinar:

- que se asegure de que previamente o gando estea correctamente identificado (crotais auriculares (ou bolo no caso de explotacións ovinas autorizadas para o seu uso) e que no caso de detectar perdas de marcas auriculares solicite os duplicados á maior brevidade posible.
- que no caso de que se vaian vacinar animais incorporados dende outras explotacións, estes deberán estar xa dados de alta na súa explotación (comunicación de entrada ás bases de datos da CMR).
- Que en todos os casos, é necesario que os animais ovinos reprodutores ou futuros reprodutores estean incorporados á base de datos de identificación ovina da CMR.

Os únicos animais que se poderán vacinar sen estar identificados individualmente son os anos < 12 meses con destino matadoiro ou con paso previo por un cebadoiro.

No caso de vacinación de gando ovino futuro reprodutor, que por idade non estaría obrigado a estar identificado oficialmente, este deberá igualmente estar identificado individualmente para proceder a súa vacinación.

4.2. VACINACIÓN

As vacinas deberán transportarse mantendo a cadea de frío (2- 4 °C) e programando o número de animais a vacinar diario para que dentro do posible se utilicen viais enteiros evitando así os cambios de temperatura e o desperdicio do produto.

Só se deberán vacinar animais de especies sensibles sen síntomas clínicos da lingua azul, nin doutra patoloxía.

As vacinas débense aplicar segundo a ficha clínica e, na medida do posible, de xeito independente a outras vacinacións fronte outras doenzas que foran a ser aplicadas na explotación nas mesmas datas, para asegurar unha correcta resposta inmunolóxica nos animais.

LABORATORIO	NOME COMERCIAL	ESPECIE	VÍA	DOSE	PAUTA DE PRIMOVACINACIÓN
SYVA	Syvazul® BTV 3	Ovino	Subcutánea	2 ml	Unha dose única
SYVA	Syvazul® BTV 4	Bovino	Intramuscular bovino	4ml	<u>Bovino</u> dúas doses separadas 21 días
		Ovino	Subcutánea ovino	2 ml	<u>Ovino</u> : unha dose única
SYVA	Syvazul® BTV 4-8	Ovino	Subcutánea	2 ml	Unha dose única
CZ Vaccines	Bluevac BTV 8	Ovino	Subcutánea	2 ml	Dúas doses separadas 21 días

4.3. REXISTRO DE VACINACIÓN

Todas as vacinacións realizadas deben rexistrarse na aplicación "FICADI móbil", que debe estar instalada nun smartphone de uso polo persoal do veterinario/ actuante con sistema operativo Android (non existe de momento versión para outros sistemas operativos) e con acceso a Internet. Esta aplicación, introducindo o código REGA correspondente descarga ao smartphone os códigos de identificación dos animais presentes nesa explotación nesa data.

Na aplicación, no apartado *Actuacións ADSG ou Actuacións persoal veterinario clínico (segundo o caso) > Tratamentos*, marcaranse todos os animais vacinados, elixindo como medicamento administrado o serotipo/s da vacina aplicada. O rexistro de vacinación vólcase automaticamente ás bases de datos da CMR e a RIIA.

No caso de gando ovino sen obriga de identificación individual (<12 meses destino matadoiro), indicárase unicamente na aplicación FICADI o número de animais vacinados.

Ao persoal veterinario actuante entregaráselle previamente un Manual de usuario desta funcionalidade na aplicación FICADI Móbil Android, así como unha copia deste procedemento.

Actuacións no caso de imposibilidade de rexistro a través de FICADI


A aplicación FICADI móbil está operativa para a gravación da vacinación dos serotipos 4 e 4-8 en bovino e ovino, estando nestes momentos desenvolvéndose a actualización para posibilitar a gravación da resto de serotipos circulantes.

Mentres non se finalice esta actualización, o rexistro de vacinación de serotipos distintos ao 4 e ao 4-8 deberá facerse nun arquivo folla de cálculo que será enviada vía correo electrónico, unha vez cuberta, á OR de referencia para a súa gravación en canto sexa posible.

Igualmente, é posible que tras a actualización previsa, por razóns diversas (fallo de conexión, caída do sistema...) non sexa posible realizar na propia explotación o rexistro de vacinación na aplicación FICADI. Nestes casos, poderase utilizar igualmente o arquivo folla de cálculo cos animais presentes.

Este arquivo obtense da funcionalidade "*Censo a unha data*" na aplicación OVGAN, que permite a descarga dun arquivo Excel que pode imprimirse e que contén os códigos de identificación individual dos animais presentes na explotación nesa data.

O veterinario/a actuante poderá solicitar, previo á visita á explotación, na súa OR de referencia o dito arquivo Excel "*Censo a unha data*" actualizado ao día da actuación prevista ou ao día anterior, ou ben indicar ao gandeiro/a cando o contacte para concertar a data de vacinación, e se este dispón de equipo informático, que o teña dispoñible en papel impreso o día da actuación, **como documento de traballo** a fin de facilitar a identificación dos animais a vacinar ou en previsión do fallo puntual da aplicación FICADI móbil.



Ese arquivo contén os seguintes campos:

<u>Crota U/NPI</u>	Especie	Sexo	Raza	<u>Nacemento</u>	<u>Expl. Nacem.</u>	<u>Crota da nai</u>	<u>Data vacinación lingua azul</u>
--------------------	---------	------	------	------------------	---------------------	---------------------	------------------------------------

NOTA: a columna "*Data vacinación lingua azul*" que aparece neste arquivo, refírese á vacinación fronte serotipo 4 gravada previamente e non debe modificarse. O persoal informático ten orde de eliminala para evitar confusións, o que contamos se realice nas próximas semanas, onde deixará de visualizarse.

Cobertura do documento "Censo a unha data":

No caso de utilizar este sistema ata que finalice a actualización de FICADI móbil ou por fallo puntual da aplicación, o persoal veterinario actuante engadirá no arquivo Excel de cada explotación as seguintes columnas:

Data Pauta Completa S4	Data Pauta Completa S3	Data Pauta Completa S8	Data Pauta Completa S1	Data Pauta Completa S4+S8	Data Pauta Completa S1+S4	Data Pauta Completa S1+S8
------------------------	------------------------	------------------------	------------------------	---------------------------	---------------------------	---------------------------

Cubrirase este arquivo indicando a data na que se completa a pauta vacinal, en formato dd/mm/aaaa.

NOTA: no caso de que a vacinación implique a aplicación de dúas doses separadas 21 días, só anotarse a data da segunda dose aplicada.

Exemplo de cobertura:

Crotal/NPU	Sexo	Raza	Nacemento	Exp.L. Nacem.	Crotal da nai	Data vacinación lingua azul	Data Pauta Completa S4	Data Pauta Completa S3	Data Pauta Completa S8	Data Pauta Completa S1	Data Pauta Completa S4+ S8	Data Pauta Completa S1+ S4	Data Pauta Completa S1+ S8
ES11000000011	Macho	Conxunto Mestizo	30/03/25	ESXXXXXXX	ES011111111			15/08/25					
ES11000000012	Femia	Conxunto Mestizo	25/06/18	ESXXXXXXX	ES011111112	21/06/24			10/08/25				

Se na explotación houbera algún animal non rexistrado na base de datos descargada (p. ex. porque o gandeiro/a non o dera aínda de alta na súa explotación), e ao que se lle administrase a vacina, anotase o código de identificación manualmente neste documento de traballo.

Neste caso, informarase ao gandeiro/a que a comunicación á CMR da alta desta res na explotación deberá realizala de inmediato, no mesmo día da vacinación, pois ata que a res non figure incorporada informaticamente na súa explotación, non será posible gravar a vacinación aínda que esta se houbera realizado..

Traslado de información á CMR

Débase usar sistematicamente a aplicación FICADI móbil que volca automaticamente a información na base de datos da CMR.

Para os casos excepcionais de imposibilidade de uso indicados anteriormente, o arquivo Excel "Censo a unha data" (que incluírá no seu caso os datos dos animais que se rexistraran manualmente en campo) deberá enviarse en formato de arquivo de cálculo, correctamente cuberto segundo se indica arriba ao correo electrónico da OR de referencia e máis ao correo electrónico "ruminantes.cmr.m.sccc@xunta.gal" o antes posible e sempre no prazo máximo de 5 días dende a data de finalización da pauta de vacinación.

Tendo en conta que na vacinación en campo interveñen distintas persoas, é preciso que a información de vacinación se traslade ás bases de datos oficiais coa maior inmediatez posible, co fin de que os animais queden rexistrados como vacinados e evitar posibles duplicidades de actuación por outros veterinarios/as.

Cada arquivo folla de cálculo enviado estará nomeado como sigue:

DATA(aaaa/mm/dd)_NIF (do veterinario/a)_REGA

Exemplo: 20250825_12345678A_ES360110011101

4.4.- COBERTURA DO REXISTRO DE VACINACIÓN NO LIBRO DE EXPLOTACIÓN

Só realizarse no caso de vacinación de gando ovino no que non é obrigatoria a identificación oficial individual (años con destino matadoiro antes de cumprir os 12 meses en movemento directo u previo paso por un cebadeiro).

No libro en formato papel que a persoa gandeira debe achegar ao veterinario/a actuante, no apartado "Folla de balance" ou "Rexistro doutros censos", (segundo o formato do libro existente) anotarase a data, o motivo "**Vacinación LA**" seguido da indicación do serotipo/s aplicados e o número de animais vacinados sen identificación individual.

Exemplo: Vacinación LA serotipos 3 e 8 (12 años).

Nas explotacións que teñan libro de rexistro de explotación con formato electrónico, o gandeiro/a deberá telo impreso previamente e o veterinario/a anotará a vacinación no apartado Inspeccións e controis, segundo o indicado no parágrafo anterior.

Inspeccións e controis

Data	Motivo da Inspección	Nº acta	Autoridade competente que supervisou o rexistro	Asinado
------	----------------------	---------	---	---------

4.5.- Cobertura do rexistro de tratamentos e emisión de receita veterinaria

De acordo co artigo 32.6 do Real Decreto 666/2023 polo que se regula a distribución, prescripción, dispensación e uso de medicamentos veterinarios, a aplicación das vacinas subministradas pola CMR no marco do presente documento, considérase en aplicación dun programa de prevención e control por parte da CMR, polo que non é precisa de emisión de receita veterinaria previa polo veterinario actuante.

5.- REACCIÓNS ADVERSAS

No caso de que no transcurso ou inmediatamente tras a vacinación, se producira algunha reacción adversa (choque anafiláctico ou similares) o persoal veterinario actuante debe realizar a comunicación a través do sistema de farmacovixilancia da Axencia Española do Medicamento e Produtos Sanitarios (AEMPS), a través de NotificaVet (<https://sinaem.aemps.es/FVVET/notificavet/Pages/CCAA.aspx>) ou cubrindo a "**Ficha verde**" (Anexo IV).

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 2025.

Servizo de Sanidade Animal

ANEXOS
ANEXO I

(documento a achegar xunto ao formulario de solicitude PR004A)

ANEXO Á SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A VACINACIÓN DE LINGUA AZUL	
PERSOAL VETERINARIO	
1. DATOS DO PERSOAL VETERINARIO SOLICITANTE	
Nome e apelidos:	NIF:
Enderezo:	
Correo electrónico:	
Teléfono 1:	Teléfono 2:
Nº de colexiado/a:	
2. DATOS DA AD SG (se procede)	
Nome:	NIF:
Código da AD SG:	
Provincia:	
Correo electrónico:	
Teléfono 1:	Teléfono 2:
3. DECLARACIÓNS	
☐ Declaro contar con medios técnicos para asegurar en todo o momento o mantemento da cadea de frío (2-4°C) tanto no almacenamento como no transporte das vacinas.	
☐ Declaro contar con medios materiais para realizar a vacinación da lingua azul.	
☐ Comprométome ao rexistro da vacinación realizada nas bases de datos da Consellería do Medio Rural.	
SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE	
Lugar e data:	
Nome e apelidos	

ANEXO II

DOCUMENTO DE SOLICITUDE DE MATERIAL - VACINACIÓN LINGUA AZUL	
PERSONAL VETERINARIO AUTORIZADO PARA A VACINACIÓN:	
NOME E APELIDOS: _____	
NIF: _____	Nº colexiado/a: _____
CENSO APROXIMADO A VACINAR:	
OVINO _____	BOVINO _____
Nº DE VIAIS POR FORMATO E SEROTIPO:	
Serotipo 3: 80 ml: _____	200 ml: _____
Serotipo 4: 80 ml _____	200 ml _____
Serotipo 4-8: 80 ml _____	200 ml _____
Serotipo 8: 252 ml: _____	
Nº TOTAL DOSES SOLICITADAS/ SEROTIPO: _____	
COMPROMISOS:	
- En todo momento será mantida a cadea de frío, conservando as vacinas recibidas a temperatura entre 2 e 4 °C ata o momento da súa aplicación. - As vacinas serán mantidas nos seus envases orixinais e protexidas da luz ata o momento da súa aplicación. - Con obxecto de minimizar o desperdicio de doses por superar o período de validez da vacina unha vez aberto o envase, se adaptará o número de viais utilizados segundo a súa presentación, ao censo previsto de vacinación na xornada de traballo (máximo 10 horas unha vez aberto o vial).	
MATERIAL ENTREGADO (a cubrir polo SVO)	
<u>Serotipo 3:</u>	
• Vial 80 ml: _____/	Lote (s) _____ Data caducidade _____
• Vial 200 ml: _____/	Lote (s) _____ Data caducidade _____
<u>Serotipo 4:</u>	
• Vial 80 ml: _____/	Lote (s) _____ Data caducidade _____
• Vial 200 ml: _____/	Lote (s) _____ Data caducidade _____
<u>Serotipo 4-8:</u>	
• Vial 80 ml: _____/	Lote (s) _____ Data caducidade _____
• Vial 200 ml: _____/	Lote (s) _____ Data caducidade _____
<u>Serotipo 8:</u>	
• Vial 252 ml: _____/	Lote (s) _____ Data caducidade _____
OBSERVACIÓNS	
Nome e apelidos persoa solicitante	
Nome, sinatura e selo SVO	
Lugar e data:	

ANEXO III

EXPLOTACIONES OVINAS CON PREVISIÓN DE VACINACIÓN

(campos do arquivo a apresentar em formato electrónico folla de cálculo)

[illegible]

ANEXO IV

FICHA DE COMUNICACIÓN DE REACCIONES MEDICAMENTOSAS ADVERSAS (FARMACOVIGILANCIA AEMPS)

 MINISTERIO DE SANIDAD Y CONSUMO  agencia española de medicamentos y productos sanitarios		CONFIDENCIAL <i>Para uso exclusivo de la AEMPS</i> Número de Referencia:	
SUBDIRECCIÓN GENERAL DE MEDICAMENTOS DE USO VETERINARIO Fax: 91-822.54.43 Tel: 91-822.54.02 E-mail: smuvsem@agmed.es Página Web: www.agmed.es			
IDENTIFICACIÓN Problemas de Seguridad: ☐ en animales ☐ en personas ☐ Falta de Eficacia ☐ Prob. Tiempos de Espera ☐ Prob. Medioambientales		NOMBRE Y DIRECCIÓN DEL NOTIFICADOR Veterinario ☐ Farmacéutico ☐ Otros ☐ Nombre: Dirección: Teléfono: Fax:	
PACIENTE(S) ☐ Animal(es) ☐ Persona (s) ☐ (en personas rellenar sólo la edad y el sexo)		NOMBRE Y DIRECCIÓN / REF. DE LA EXPLOTACIÓN / DEL PACIENTE.	
Especies: Raza: Sexo: ☐ Hembra ☐ Macho ☐ Castrado ☐ Preñada ☐ Edad: Peso: Razón del tratamiento:			
MEDICAMENTO VETERINARIO ADMINISTRADO ANTES DE LA APARICIÓN DE LA SUPUESTA REACCIÓN ADVERSA <i>(si se administraron más de 3 medicamentos simultáneamente, por favor duplique este formulario)</i>			
Nombre del medicamento veterinario	1	2	3
Forma farmacéutica y concentración (pe: comprimidos de 100 mg)			
Número de Registro			
Número de Lote			
Vía y lugar de administración			
Dosis / Frecuencia (posológica)			
Duración del tratamiento / Exposición			
Día de inicio:			
Día final:			
¿Quién administró el medicamento? (veterinario, propietario, otro)			
¿Cree que la reacción se debe al medicamento?	Si ☐ / No ☐	Si ☐ / No ☐	Si ☐ / No ☐
¿Ha sido informado el Laboratorio?	Si ☐ / No ☐	Si ☐ / No ☐	Si ☐ / No ☐
FECHA DE LA SUPUESTA REACCIÓN ADVERSA Tiempo transcurrido entre la administración del medicamento y la reacción en minutos, horas o días			
Nº animales tratados Nº animales con signos Nº animales muertos Duración de la reacción adversa en minutos, horas o días			
DESCRIPCIÓN DE LA REACCIÓN (Problemas de Seguridad en animales o en personas, Presunta Falta de la Eficacia esperada / Problemas con el Tiempo de Espera / Problemas Medioambientales) – Por favor, describa: Indicar también si la reacción ha sido tratada. ¿Cómo y con qué y cuál fue el resultado?			
OTRA INFORMACIÓN RELEVANTE (adjuntar la documentación oportuna, pe. Estudios realizados o en marcha, Informes médicos, informes de necropsias):			
REACCIONES EN PERSONAS Si el caso se refiere a personas, por favor complete los datos que figuran más abajo.			
• Contacto con el animal tratado ☐ • Ingestión oral ☐ • Exposición tópica ☐ • Exposición ocular ☐ • Exposición por inyección ☐ dedo ☐ mano ☐ articulación ☐ otro ☐ • Otro (deliberado, ...) ☐			
Dosis recibida:			
Si no desea que su nombre y dirección se envíe al Laboratorio para recabar más información, por favor indíquelo en este cuadro ☐			
Fecha: Lugar: Nombre y firma del notificador:			
Punto de contacto (teléfono) (si difiere del número indicado en la primera página)			